



Fachada da sede central da Universidade de Salamanca.

En Europa, desde a Idade Media, os referentes universitarios foron Boloña e París para a formación xurídica; Oxford e Cambridge para as artes e a teoloxía, e Salerno e Montpellier para a medicina. Na península Ibérica, malia seren máis antigos os estudos de Palencia, a primeira universidade en crearse foi a de Salamanca. A condición de universidade outorgábase que os seus estudos podían ser de todas as ciencias, que estaban abertos a todos (carácter público) e que os seus títulos tiñan recoñecemento oficial.

O privilexio foille concedido a Salamanca, en 1218, por Afonso IX de León e Galiza e en tal proceder tivo unha importante participación a catedral de Santiago xa que os estudos salmantinos viñan ser unha extensión da escola catedralicia compostelá, habida conta da súa situación excéntrica no reino leonés. Pero a decisión tivo que ser madurada para que semellante prerrogativa non fose considerada como unha provocación de parte dos caste-

láns.

A circunstancia favorable chegou cando, despois da morte de Afonso VII de Castela en 1214 e do seu herdeiro, Henrique I, tres anos despois e sen descendencia, a súa irmá, Berenguela (casada con Afonso IX de León-Galiza), cinguiu a coroa para inmediatamente abdicar en favor do seu fillo, coroado como Fernando III, para evitar a hexemonía leonesa (circun-

cunstancia que non foi aceptada polo pai, quen invadiu Castela).

Con todo, e debilitada a importancia dos estudos de Palencia polo crise real castelá, a concordia pedida por Fernando III –con mediación papal– facilitou que non houbera oposición a dotar a Salamanca de rango universitario. É probable que mestres de Palencia pasasen á nova universidade pero foron moitos os que chegaron desde Compostela. O certo é que Salamanca modificou o seu cadro de materias en relación aos estudos palentinos (inflúidos polo modelo parisiense, daban teoloxía, decretos, lóxica e dialéctica, máis gramática e retórica) en favor do esquema compostelán (de influencia boloñesa, non daba teoloxía).

Así, a nova universidade deixou a teoloxía en favor do dereito, na liña boloñesa, circunstancia que non afectou á restauración da escola palentina uns anos despois. O desenvolvemento urbano e comercial, dunha banda, e a crecente burocracia

real (na perspectiva de unir León e Castela), precisaba de novas xeracións de xuristas. Por iso, Fernando III ratificou en

1243 e en 1252 a fundación feita polo seu pai e o seu fillo, Afonso X, concedelle a carta magna que establecía as cáte-

Non só por proximidade xeográfica, Salamanca exercía unha forte atracción de estudantes do reino de León xa que os casteláns ían ao Estudio Xeral de Palencia. Entre os primeiros, os galegos tiveron especial influencia nas dioceses leonesas xa desde antes da fundación da universidade: lembremos, entre outros, o bispo de Zamora Xoán Arias, o de Salamanca Pedro Suárez de Deza (que despois pasou a Compostela) ou don Froilán, parente seu, que tras ser cancelleiro real pasou a mestrescola. Circunstancia que resultou máis evidente con Fernando III, quen favoreceu a presenza galega ata o punto –sinala V. Beltrán de Heredia, editor do cartulario universitario medieval– que no cabido catedralicio salmantino habería de maneira permanente un

grupo compostelán, cuxos membros serían tidos por straneus polo resto.

Moitos dos galegos que estudaron en Salamanca pasaron a cónegos catedralicios ou foron trobadores (laicos ou relixiosos). Pedro Amigo,

Os galegos, grupo influínte

alcumado de Sevilla nos cancioneros medievais, uniu ambas dúas condicións. Ou como profesores, o tamén trobador Roi Fernández de Santiago e o mestre Abril Peláez, que chegou a reitor de estranxeiros en Boloña; cando regresou en 1257 foi nomeado bispo de Urgell e, malia a súa espléndida formación xurídica e teolóxica, morreu en 1269 esquecido por Afonso X.

dras e garantía os salarios dos profesores, e xestionou diversos privilexios papais.

En comparación con outras universidades europeas, Salamanca tiña un número limitado de alumnos. Ata o século XVI non acadou os tres mil e dispoñer de edificios propios. A conquista de América e as bases estatais impostas polos Reis Católicos motivaron que Salamanca vivise un momento de esplendor pola necesidade de cadros administrativos e relixiosos para as novas terras: un tempo que era capaz de acoller como alumnas a mulleres como Beatriz Galindo (a popular “La Latina” madrileña) ou Luísa (Lucía) de Medrano, que substituíu a Nebrija na súa aula.

Pero entrados no Renacemento, dereito e teoloxía aca-paraban dous terzos dos seus orzamentos, coa conseguinte degradación das disciplinas restantes. Con todo, xuristas e matemáticos de Salamanca participaron no Concilio de Trento e na reforma do calendario. Pero esa mesma Contrarreforma limitou a liberdade de pensamento e provocou unha certa decadencia, circunstancia á que non serían alleas a emerxencia de Alcalá, máis próxima á corte madrileña dos Austrias, e a fundación da universidade de Compostela coa protección de Alonso III de Fonseca.

Salmantica docet

800 anos de saber universitario

JOAQUIM VENTURA